

Ás 13:00 horas do día 16 de setembro de 2016, existindo o quórum necesario para a constitución da Comisión de Calidade, iniciase á mesma, estando presentes ás seguintes persoas:

Aneiros Pereira, Jaime

Fernández Acevedo, Rafael

Muleiro Parada, Luis

Rodríguez Rodríguez, Emma

Torres Pérez, Francisco José

**Excusan:**

Araújo Figueroa, Isaac

Arias Martínez, María Antonia

Gómez Villaverde, Raúl

**1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Apróbase

**2.- Informes da Sr. Decano en funcións.**

2.1.- Rafael Fernández Acevedo, comunica que foi designado Decano en función a principios deste mes de setembro. Ademais, indica que na composición da CC tense producido a baixa da coordinadora do Grao en Dereito de Carmen Ruiz, sendo nomeado en funcións un novo coordinador do Grao (o profesor Jaime Aneiros Pereira) que ten sido convocado para esta CC.

Así mesmo, infórmase que a composición varía de 15 a 14 membros dado que o Decano en funcións segue de momento como Coordinador do Grao en RRLL e RRHH.

2.2.- O Decano en funcións informa sobre as variacións na normativa en relación coas adscricións no TFG en proporción á carga de créditos que cada área ten no título. Para esta convocatoria negocióuse individualizadamente coa área de laboral (no grao en RRLL e RRHH) que se ofertara 1 TFG por cada profesor/a do área. Para futuras convocatorias, o Decano en funcións advirte que deberase negociar de novo este asunto coa citada área.

2.3.- O coordinador de calidade informa sobre as enquisas de satisfacción coas titulacións do Centro. Os resultados globais infórmanse dacordo cun cadro e resumo repartido entre os asistentes.

Como se pode comprobar, a enquisa realizase para os alumnos/as matriculadas en terceiro de Grao e nos Mestrados. Constatase que a participación segue sendo baixa (20% no cómputo global). Non obstante, en relación coa taxa de participación no Grao en Dereito entendemos que debido a coexistencia de plan vello e novo, pode ter incidido nun estancamento da participación. En canto á nota global do centro tense constatado que baixamos nota global respecto ao 14/15. Non obstante, no MDE e no Grao en RRLL e RRHH subiu algo a nota respecto ao curso anterior pero nas demais titulacións baixaron a nota nalgúns casos dun xeito drástico. Hai que ter en conta que a nota global sae da combinación da nota de tódalas titulacións polo que cumpre por solución a esta situación.

Ademais, o coordinador de calidade, informa que estes resultados teñen saído en prensa no Faro de Vigo do 7 de setembro polo que a transcendencia pública é moito maior que noutros anos académicos.

**Compromiso:**

Aínda que o resultado das enquisas xa foi remitido ás persoas coordinadoras das titulacións, acórdase reenviar novamente información detallada a tódalas coordinacións para que, nos casos dos mestrados, debatan e adopten as medidas que consideren oportunas nas súas CAM.

**Prazo:** Antes do 20 de setembro.

2.4.- O Decano en funcións, comunica que se recibiron os informes de renovación da acreditación definitivos do Máster en Avogacía (foi calificado con B) e do Grao en RRLL e RRHH (tamén calificado con B). No seu momento (principios de agosto) xa foron enviados ás persoas coordinadoras. Acórdase, darlle publicidade na web e subilos ao SGIC.

2.5.- O Coordinador de calidade informa sobre o proceso de Contratación dos bolseiros de calidade para o Centro.

Tense recibido a documentación o día de onte desde o área de bolsas. Hai 11 solicitantes. Debe de constituirse unha comisión formada polo Decano en funcións, Secretaria da Facultade e Coordinador de Calidade.

**Compromiso:**

Propónse valorar os expedientes o vindeiro martes 20 ás 9.45 horas.

**3.- Emisión de informe sobre alegacións ao informe provisional de seguimento externo da ACSUG do MDE.**

O profesor Luis Muleiro Parada, explica que foron incorporadas ás alegacións institucionais. Así mesmo, explica que nalgúns puntos remítense ao que se detalle no informe de coordinación e de seguimento que o título que, pese a que se suspende a docencia, tense que presentar respecto ao curso 15/16. Por último,ponse de manifesto que a impartición de docencia se suspende.

Hoxe mesmo remitiranse as alegacións ao Área de Calidade da UVigo para o seu envío a ACSUG.

Emítese informe favorable.

#### **4.- Emisión sobre alegacións ao informe provisional de seguimento externo da ACSUG grado en Dereito.**

Segundo se informqu polo profesor Jaime Aneiros (coordinador do grao en Dereito), a comisión de coordinación do grao en Dereito decidiu na súa reunión do 15 de setembro non presentar alegación ao informe de seguimento da ACSUG. As indicacións efectuadas pola ACSUG en tal informe asúmense e serán plasmadas no vindeiro autoinforme de seguimento.

#### **5.- Rolda de intervencións.**

Non hai intervencións.

Non existindo mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:40 horas do que dou fe como Secretario.

Francisco José Torres Pérez

A blue circular stamp from the University of Vigo, Faculty of Law. The stamp features a central emblem with a scale of justice and a book. The text around the emblem reads "UNIVERSIDADE DE VIGO" at the top and "FACULTADE DE CIENCIAS JURÍDICAS" at the bottom. A blue ink signature is written over the stamp.